



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RAIRIZ DE VEIGA

CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMEN

ARQUITECTURA

IPOLOXIA:

CONXUNTOS HISTÓRI

CLAVE PL


O-3_3

Nº FICHA:

A_061

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:

Aldea de Nigueiroá

PARROQUIA:

GUILLAMIL

NÚCLEO:

Nigueiroá

LOCALIZACIÓN:

Nigueiroá**DESCRICI**

As aldeas de Rairiz de Veiga, caso desta aldea de Nigueiroá, englobábanse dentro do que Otero Pedrayo, Georg Niemeier e Fariña Tojo denominaron "pobos integrados só por casas para a xente, que desprazaron ao campo as edificacións de uso agrícola". Efectivamente, o hábitat concentrado que caracteriza aos núcleos de poboación da Comarca da Limia fai que as distintas construcións habitacionais se presenten unidas entre medianeiras ao longo dunha rede de rúas, como acontece na aldea que nos ocupa.

Estas aldeas pertencen ao que Niemeier describiu como "aldeas pechadas con vilar claro", por ser posible atopar hortas, patios e currais anexos á vivenda. Este modelo de ocupación territorial foi o característico do noso país dende a Idade Media, polo que non é un trazo xenuino da contemporaneidade.

CATEGORIA:

INCLÚIDO NO CATÁLOGO

AMBITO:

LOCAL

NIVEL PROTECCIÓN:

AMBIENTAL

ESTADO CONSERVA

MALO

PROPIETARIO:

MIXTA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓN:

A aldea de Nigueiroá (no plano rodeado por unha polilínea de cor azul), pola súa trama urbana, volume, tipoloxía e características, merece ser obxecto dun PEP que garanta a súa conservación futura adecuando respectuosamente as súas edificacións as necesidades do presente. Mentres non se redacte este documento todas as edificacións que conforman o núcleo delimitado máis interior gozarán de Protección Ambiental. Arredor deste ámbito grafitase unha Zona de Cautela onde poderán autorizarse outros usos como a construción sobre parcelas baleiras, previo informe vinculante da Consellería de Cultura.

ELEMENTOS A PROTEXER

ELEMENTOS PETREOS SENLLEIROS**CARPINTERÍAS DE MADEIRA****MELLORAS NECESARIAS:**

Recoméndase a elaboración dun Plan Especial de Protección.

OBRAS PROHIBIDAS:

OBRAS PERMITIDAS:

Alterar a tipoloxía das edificacións e a Morfoloxía Restauración para voltar a súa imaxe orixinal

Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado parcialmente coas condicións e nos
termos establecidos pola Orde do Conselleiro de
Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

de data **10 XULL. 2009**

A xefa do servizo de Planificación Urbanística

Marta Mariñas Busto

F RES

A_061



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RAIRIZ DE VEIGA

CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO:
ARQUITECTURA


TIPOLOXIA:
MUÍÑOS

CLAVE PLANO:
O-2_264-21

Nº FICHA:
A_062

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Muíño do Abeseiro	GUILLAMIL	Barracel	Barracel

DESCRIPCIÓN:

Un (1) muíño de grande tamaño levantado en perpiño granítico (opus quadratum) emprazado nas beiras dun regato que desemboca no regueiro Traveso, nas proximidades do núcleo de Barracel. Destacado polo seu porte e tamaño, trátase dun muíño-vivenda, posúe unha roda motriz vertical (hoxe desmontada) en forma de nora realizada en ferro que move o mecanismo de moenda.

Este muíño de brúa atópase en mal estado de conservación, cun difícil acceso e rodeados dunha espesa vexetación.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INCLUÍDO NO CATÁLOGO	GALEGO	ESTRUTURAL	MALO	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:
RÚSTICO PROTECCIÓN AUGAS

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER
CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Rehabilitación integral respectando a tipoloxía e os materiais orixinais: carpintería de madeira, tella curva do país, etc.

OBRAS PROHIBIDAS:

Alteración dos elementos protexidos

OBRAS PERMITIDAS:

Restauración para voltar a súa imaxe orixinal

Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado parcialmente coas condicións e nos
termos establecidos pola Orde do Conselleiro de
Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

de data **10 XULL. 2009**

A xefe do servizo de Planificación Urbanística



Marta Mariñas Busto

F RES
A_062



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RAIRIZ DE VEIGA

CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO:
ARQUITECTURA


TIPOLOXIA:
MUÍÑOS

CLAVE PLANO:
O-2_264-21

Nº FICHA:
A_063

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Muíño de Barracel 1	GUILLAMIL	Barracel	Barracel

DESCRIPCIÓN:

Estamos diante dun muíño de canle e pequenas dimensións que se sitúa á beira do Río Bidueiro e que conta cunha única moa. É propiedade dos veciños da aldea de Barracel, que xa non moen nel regularmente.

Os muíños son unha sabía combinación de arquitectura e tecnoloxía, unha edificación simple que acolle un complexo dispositivo mecánico accionado pola forza da auga. Está composto pola presa, que ten por obxecto captar a auga do río; a gavada ou lovada, que conduce a auga da presa cara o muíño salvando o desnivel do terreo; a canle, que conduce a auga cara o rodicio, unha roda hidráulica con paletas curvas e eixo vertical que move a moa; e a edificación do muíño propiamente dita, un sinxelo edificio de planta rectangular e uns 8 m² de superficie, cuberto por un tellado a dúas augas constituído por paredes de cantería irregular nos que unicamente se practican dous vanos, o que permite o acceso e o que está destinado a introducir luz natural no interior do muíño. A meirande parte dos muíños da comarca da Limia pertencen á modalidade de canle, característico por ter que administrar un pequeno caudal de auga que, procedente da gavada, condúcese rapidamente cara o rodicio a través da canle para bater contra o primeiro de maneira tanxencial.

Na parte inferior da canle áchase unha peza especial de madeira ou granito, segundo o caso, onde se practica un burato que se abre e obtura dende o interior (o billote ou bofetón) que fará saír a auga coa forza necesaria para mover o rodicio coa forza desexada.

O muíño da fotografía é de unha única moa e atópase ao pé da aldea de Barracel.

CATEGORÍA:	ÁMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INCLÚIDO NO CATÁLOGO	LOCAL	ESTRUTURAL	MALO	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN AUGAS

OBSERVACIÓNS:

A localización deste ben no plano adxunto faise por medio dun punto, xa que a planta da edificación non aparece na cartografía base.

ELEMENTOS A PROTEXER

ELEMENTOS PETREOS SENLLEIROS

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Rehabilitación integral do muíño, preservando a tipoloxía e os materiais orixinais: tella curva do país, carpintería de madeira, etc.

OBRAS PROHIBIDAS:

Alteración dos elementos protexidos

OBRAS PERMITIDAS:

Restauración para voltar a súa imaxe orixinal

Mais todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

de data **10 XULL. 2009**



A xela do Servizo de Planificación Urbanística

Marta Mariñas Busto

F RES
A_063



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RAIRIZ DE VEIGA

CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO:
ARQUITECTURA

TIPOLOXIA:
RELIXIOSA

Nº FICHA:
A_064

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Capela da Virxe do O	GUILLAMIL	Barracel	Barracel

DESCRIPCIÓN:

Capela de planta rectangular e pequenas dimensións cuxos muros foron levantados con perpiño granítico concertado da modalidade de "opus vittatum". Protexido cunha cuberta a dúas augas, a súa fachada principal acolle a porta de entrada alintelada flanqueada por dous fachineiros rectangulares, un deles tapiado. No cumio do eixo unha espadana barroca dun único oco que acolle o sino do templo.

Unha das principais singularidades do edificio é a escaleira semicircular de tres chanzos que dá acceso ao templo.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INCLuíDO NO CATÁLOGO	LOCAL	CONCELLO DE RAIRIZ DE VEIGA (OURENSE) INTEGRAL	BO	PARROQUIAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:
NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

ELEMENTOS PETREOS SENLLEIROS

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeadado nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:

Alteración dos elementos protexidos

OBRAS PERMITIDAS:

Restauración ou reparación dos elementos deteriorados

Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado parcialmente coas condicións e nos
termos establecidos pola Orde do Conselleiro de
Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

de data **10 XULL. 2009**

A xefa do servizo de Planificación Urbanística



Marta Mariñas Busto

F RES
A_064



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RAIRIZ DE VEIGA

CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO:

ARQUITECTURA

F 01

TIPOLOXIA:

FORNOS

CLAVE PLANO:

O-3_3

Nº FICHA:

A_065

PLANO



DENOMINACIÓN:

Forno comunal de Barracel

PARROQUIA:

GUILLAMIL

NÚCLEO:

Barracel

LOCALIZACIÓN:

Barracel

DESCRIPCIÓN:

Forno de concello recentemente restaurado que ocupa un espazo central na aldea de Barracel. De planta rectangular, piso terreo e cuberta a dúas augas, o seu interior conserva os elementos propios do forno tradicional. Este constitúe unha pequena construción circular que ten forma de bóveda no seu interior, e serve para cocer pan, empanadas, bolos preñados, etc...

De propiedade comunitaria, esta modalidade de forno é o propio das sociedades de escasos recursos. Trátase dunha construción independente feita e conservada polos veciños que era utilizado seguindo o sistema de rolda. Os seus muros foron levantados en perpiño e cachotería de granito, o que dá lugar á apertura de dous vans: a porta de acceso e un pequeno xanelo lateral.

O interior dos fornos comunais tradicionais posúe plataformas horizontais ao longo das paredes, coñecidas como tendais, onde se lle dá forma á masa. Seguidamente sitúase o forno propiamente dito, tamén chamado vaso do forno, que ocupa o largo da construción.

A estrutura constitúese por medio dunha cámara de planta circular, a capela -asentada sobre o lar- base de pedra construída de lousas ben traballadas, con teito abovedado onde se acende o lume e se fai a cocción do pan unha vez realizado o enfornado. O forno ten un oco de acceso -a boca- que en moitos casos leva na parte superior unha peza saínte de pedra coñecida co nome de chapilé, que ten por obxecto impedir o ascenso das faíscas.

O lar prolongase cara adiante formando unha plataforma a xeito de mesa, a lareira, dotada dun burato polo que se fai caer a cinza nun depósito inferior denominado fornalleira ou borralleira.

CATEGORÍA:

INCLUÍDO NO CATÁLOGO

ÁMBITO:

LOCAL

NÍVEL PROTECCIÓN:

ESTRUTURAL

ESTADO CONSERVACIÓN:

REGULAR

PROPIETARIO:

COMUNAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓN:

ELEMENTOS A PROTEXER

ELEMENTOS PETREOS SENLLEIROS

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:

Alteración dos elementos protexidos

OBRAS PERMITIDAS:

Restauración para voltar a súa imaxe orixinal

Mais todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

de data

10 XULL. 2009

A xefe do servizo de Planificación Urbanística

Marta Mariñas Busto

F RES
A_065



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RAIRIZ DE VEIGA

CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO:
ARQUITECTURA


TIPOLOXIA:
MUÍÑOS

CLAVE PLANO:
O-2_264-21

Nº FICHA:
A_066

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Muíño de Barracel 2	GUILLAMIL	Barracel	Barracel

DESCRIPCIÓN:

Estamos diante dun muíño de canle e pequenas dimensións que se sitúa á beira do Río Bidueiro e que conta cunha única moa. É propiedade dos veciños da aldea de Barracel, que xa non moen nel.

Os muíños son unha sabia combinación de arquitectura e tecnoloxía, unha edificación simple que acolle un complexo dispositivo mecánico accionado pola forza da auga. Está composto pola presa, que ten por obxecto captar a auga do río; a gavada ou lovada, que conduce a auga da presa cara o muíño salvando o desnivel do terreo; a canle, que conduce a auga cara o rodicio, unha roda hidráulica con paletas curvas e eixo vertical que move a moa; e a edificación do muíño propiamente dita, un sinxelo edificio de planta rectangular e uns 8 m/2 de superficie, cuberto por un tellado a dúas augas constituído por paredes de cantería irregular nos que unicamente se practican dous vanos, o que permite o acceso e o que está destinado a introducir luz natural no interior do muíño. A meirande parte dos muíños da comarca de Limia pertencen á modalidade de canle, característico por ter que administrar un pequeno caudal de auga que, procedente da gavada, condúcese rapidamente cara o rodicio a través da canle para bater contra o primeiro de maneira tanxencial.

Na parte inferior da canle áchase unha peza especial de madeira ou granito, segundo o caso, onde se practica un burato que se abre e obtura dende o interior (o billote ou bofetón) que fará saír a auga coa forza necesaria para mover o rodicio coa forza desexada.

O muíño da fotografía é de unha única moa e atópanse ao pé do Castro de Rosén.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INCLUIDO NO CATÁLOGO	LOCAL	ESTRUTURAL	MALO	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

RUSTICO PROTECCIÓN FORESTAL

OBSERVACIÓN:

A localización deste ben no plano adxunto faise por medio dun punto, xa que a planta da edificación non aparece na cartografía base.

ELEMENTOS A PROTEXER

ELEMENTOS PETREOS SENLLEIROS

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Rehabilitación integral do muíño, preservando a tipoloxía e os materiais orixinais: tella curva do país, carpintería de madeira, etc.

OBRAS PROHIBIDAS:

Alteración dos elementos protexidos

OBRAS PERMITIDAS:

Restauración para voltar a súa imaxe orixinal

Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado parcialmente coas condicións e nos termos establecidos pola Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

de data **10 XULL. 2009**

A xefe do servizo de Planificación Urbanística

Marta Mariñas Busto

F RES
A_066



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RAIRIZ DE VEIGA

CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO:

ARQUITECTURA

TIPOLOXIA:

FORNOS

CLAVE PLANO:

O-2_264-21

Nº FICHA:

A_067

F 01

PLANO



A_067



DENOMINACIÓN:

Forno comunal de Quilmelas

PARROQUIA:

GUILLAMIL

NÚCLEO:

Quilmelas

LOCALIZACIÓN:

Quilmelas

DESCRIPCIÓN:

Forno de concello que merece ser restaurado e que ocupa un espazo marxinal na aldea de Quilmelas. De planta rectangular, piso terreo e cuberta a dúas augas, o seu interior conserva os elementos propios do forno tradicional. Este constitúe unha pequena construción circular que ten forma de bóveda no seu interior, e serve para cocer pan, empanadas, bolos preñados, etc...

De propiedade comunitaria, esta modalidade de forno é o propio das sociedades de escasos recursos. Trátase dunha construción independente feita e conservada polos veciños que era utilizado seguindo o sistema de rolda. Os seus muros foron levantados en perpiño e cachotería de granito, o que dá lugar á apertura de dous vans: a porta de acceso e un pequeno xanelo lateral.

O interior dos fornos comunais tradicionais posúe plataformas horizontais ao longo das paredes, coñecidas como tendais, onde se lle dá forma á masa. Seguidamente sitúase o forno propiamente dito, tamén chamado vaso do forno, que ocupa o largo da construción.

A estrutura constitúese por medio dunha cámara de planta circular, a capela -asentada sobre o lar- base de pedra construída de lousas ben traballadas, con teito abovedado onde se acende o lume e se fai a cocedura do pan unha vez realizado o enfornado. O forno ten un oco de acceso -a boca- que en moitos casos leva na parte superior unha peza saínte de pedra coñecida co nome de chapilé, que ten por obxecto impedir o ascenso das faiscas.

O lar prolongase cara adiante formando unha plataforma a xeito de mesa, a lareira, dotada dun burato polo que se fai caer a cinza nun depósito inferior denominado fornalleira ou borralleira.

CATEGORIA:

INCLUIDO NO CATÁLOGO

AMBITO:

LOCAL

NIVEL PROTECCIÓN:

ESTRUTURAL

ESTADO DE CONSERVACIÓN:

MALO

PROPIETARIO:

COMUNAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

ELEMENTOS PETREOS SENLLEIROS

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Rehabilitación integral do forno, preservando a tipoloxía e os materiais orixinais: tella curva do pais, carpintería de madeira, etc...

OBRAS PROHIBIDAS:

Alteración dos elementos protexidos

OBRAS PERMITIDAS:

Restauración para voltar a súa imaxe orixinal

Mais todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

de data 10 XULL. 2009



A Xunta do Servizo de Planificación Urbanística

Marta Mariñas Busto

F RES
A_067



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RAIRIZ DE VEIGA

CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO:

ARQUITECTURA

TIPOLOXIA:


RELIXIOSA

Nº FICHA:

A_068

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:

Capela de San Roque

PARROQUIA:

GUILLAMIL

NÚCLEO:

Quilmelas

LOCALIZACIÓN:

Quilmelas

DESCRICIÓN:

Capela de planta rectangular e pequenas dimensións cuxos muros foron levantados con perpiño granítico concertado da modalidade de "opus vittatum". Protexido cunha cuberta a tres augas, a súa fachada principal acolle a porta de entrada flanqueada por dúas xanelas rectangulares. Sobre ela unha lanzal espadana barroca dun único oco, acolle o sino do templo. A principal singularidade do edificio é o grande cabildo cuberto co que conta. Trátase dun espazo aberto que sustenta a súa cuberta con seis esteos de granito con fuste cuadrangular, e que ten por obxecto resgardar das inclemencias meteorolóxicas aos fieis que acuden ao templo.

CATEGORIA:

INCLuíDO NO CATÁLOGO

AMBITO:

LOCAL

NIVEL PROTECCIÓN:

INTEGRAL

ESTADO CONSERVACIÓN:

BO

PROPIETARIO:

PARROQUIAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓN:

Diante do templo sitúase un sinxelo cruzeiro sen figuración de fuste circular que goza de idéntica protección que a capela.

ELEMENTOS A PROTEXER

CRUCEIROS

ELEMENTOS PETREOS SENLLEIROS

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeadado nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:

Alteración dos elementos protexidos

OBRAS PERMITIDAS:

Restauración ou reparación dos elementos deteriorados

Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado parcialmente coas condicións e nos
termos establecidos pola Orde do Conselleiro de
Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

de data 10 XULL. 2009

A xeira do servizo de Planificación Urbanística

María Mariñas Busto

F RES
A_068



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RAIRIZ DE VEIGA

CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO:

ARQUITECTURA

TIPOLOXIA:


RELIXIOSA

Nº FICHA:

A_069

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:

Capela de San Sadurniño

PARROQUIA:

GUILLAMIL

NÚCLEO:

Rosén

LOCALIZACIÓN:

Rosén

DESCRIPCIÓN:

Capela de planta rectangular e pequenas dimensións cuxos muros foron levantados con perpiño granítico concertado da modalidade de "opus incertum". Protexido cunha cuberta a tres augas, a súa fachada principal acolle a porta de entrada flanqueada por dúas xanelas rectangulares situadas a unha altura desigual. Sobre ela unha espadana barroca dun único oco, acolle o sino do templo.

A principal singularidade do edificio é o grande cabildo sen cubrir que posúe. Trátase dun espazo aberto constituído por un muro de perpiño de 1 m. de altura e que proporciona asento aos fieis que acuden aos oficios relixiosos.

CATEGORIA:

INCLuíDO NO CATÁLOGO

AMBITO:

LOCAL

NIVEL PROTECCIÓN:

INTEGRAL

ESTADO CONSERVACIÓN:

BO

PROPIETARIO:

PARROQUIAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓN:

Diante da capela localízase un canastro de tipoloxía mixta (pedra e madeira) de máis de 100 anos de antigüidade que goza de idéntica protección que a capela.

ELEMENTOS A PROTEXER

ELEMENTOS PETREOS SENLLEIROS

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeadado nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:

Alteración dos elementos protexidos

OBRAS PERMITIDAS:

Restauración ou reparación dos elementos deteriorados

Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado parcialmente coas condicións e nos termos establecidos pola Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

de data 10 XULL. 2009

A xefe do servizo de Planificación Urbanística

Marta Mariñas Busto



F RES
A_069



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RAIRIZ DE VEIGA CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO:
ARQUITECTURA


TIPOLOXIA:
FORNOS

CLAVE PLANO:
O-3_3

Nº FICHA:
A_070

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Forno comunal de Rosén	GUILLAMIL	Rosén	Rosén

DESCRIPCIÓN:

Forno de concello recentemente restaurado que ocupa un espazo central na aldea de Rosén. De planta rectangular, piso terreo e cuberta a dúas augas, o seu interior conserva os elementos propios do forno tradicional. Este constitúe unha pequena construción circular que ten forma de bóveda no seu interior, e serve para cocer pan, empanadas, bolos preñados, etc...

De propiedade comunitaria, esta modalidade de forno é o propio das sociedades de escasos recursos. Trátase dunha construción independente feita e conservada polos veciños que era utilizado seguindo o sistema de rolda. Os seus muros foron levantados en perpiño e cachotería de granito, o que dá lugar á apertura de dous vans: a porta de acceso e un pequeno xanelo lateral.

O interior dos fornos comunais tradicionais posúe plataformas horizontais ao longo das paredes, coñecidas como tendais, onde se lle dá forma á masa. Seguidamente sitúase o forno propiamente dito, tamén chamado vaso do forno, que ocupa o largo da construción.

A estrutura constitúese por medio dunha cámara de planta circular, a capela -asentada sobre o lar- base de pedra construída de lousas ben traballadas, con teito abovedado onde se acende o lume e se fai a cocedura do pan unha vez realizado o enfornado. O forno ten un oco de acceso -a boca- que en moitos casos leva na parte superior unha peza sainte de pedra coñecida co nome de chapilé, que ten por obxecto impedir o ascenso das falcas.

O lar prolongase cara adiante formando unha plataforma a xeito de mesa, a lareira, dotada dun burato polo que se fai caer a cinza nun depósito inferior denominado fornalleira ou borralleira.

CATEGORÍA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN	ESTADO CONSERVACIÓN	PROPIETARIO:
INCLUÍDO NO CATÁLOGO	LOCAL	ESTRUTURAL	BO	COMUNAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

ELEMENTOS PETREOS SENLLEIROS

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:

Alteración dos elementos protexidos

OBRAS PERMITIDAS:

Restauración ou reparación dos elementos deteriorados

Mais todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

de data **10 XULL. 2009**



A xeta do servizo de Planificación Urbanística

Marta Mariñas Busto

F RES
A_070